

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

- 2837** *Orde SSI/445/2015, do 9 de marzo, pola que se modifican os anexos I, II e III do Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, polo que se crea a Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica, relativos á lista de enfermidades de declaración obrigatoria, modalidades de declaración e enfermidades endémicas de ámbito rexional.*

O Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, polo que se crea a Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica, describe no artigo 6 as competencias do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre as cales se encontra a coordinación das accións e dos intercambios de información tanto no ámbito nacional como no da Unión Europea, da Organización Mundial da Saúde e demais organismos internacionais. No capítulo II establece as características do sistema básico da rede e no artigo 9 especifica que no anexo I se relacionan as enfermidades obxecto de declaración obrigatoria.

Desde que se aprobou o Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, os organismos internacionais en que España está representada, Organización Mundial da Saúde (OMS) e Comisión Europea, elaboraron normativa para previr e controlar a propagación internacional das enfermidades transmisibles. O aumento das viaxes e o comercio internacional, así como a aparición de novas enfermidades e reaparición de enfermidades eliminadas ou controladas que poden supor unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, motivou que os Estados membros da OMS solicitasen unha revisión do Regulamento sanitario internacional, co obxectivo de mellorar a resposta mundial a estas situacións. Na 58.<sup>a</sup> Asemblea Mundial da Saúde, do 23 de maio de 2005, adoptouse por consenso o Regulamento sanitario internacional 2005, que entrou en vigor o 15 de xuño de 2007 e que obriga os Estados a ter capacidade para detectar, avaliar e notificar eventos que poidan constituír unha emerxencia de saúde pública (artigos 5 e 6). Este regulamento, no anexo II, proporciona uns criterios para decidir que eventos deben ser notificados á OMS.

A Decisión de execución 2012/506/UE da Comisión, do 8 de agosto de 2012, que modifica a Decisión 2002/253/CE, pola que se establecen as definicións dos casos para comunicar as enfermidades transmisibles á rede comunitaria, de conformidade coa Decisión 2119/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, e a Decisión 1082/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre as ameazas transfronteirizas graves para a saúde e pola que se derroga a Decisión 2119/98/CE, adáptanse aos cambios observados no patrón epidemiolóxico das enfermidades transmisibles a nivel internacional, teñen en conta os datos científicos máis recentes e facilitan á Comisión e aos Estados membros o desenvolvemento de estratexias de intervención no campo da vixilancia e a resposta a estas enfermidades.

O anexo I que figura no Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, non considera a situación epidemiolóxica actual en España e non abrangue toda a lista de enfermidades que as normas dos organismos internacionais requiren aos Estados membros. Esta situación fai necesario modificar o anexo I do dito real decreto, que contén a lista de enfermidades de declaración obrigatoria, para adaptalo a estes requirimentos, o anexo II, que recolle as modalidades da declaración de enfermidades, e o anexo III, que recolle as enfermidades endémicas de ámbito rexional.

A presente orde ten por obxecto modificar a lista de enfermidades de declaración obrigatoria, as súas modalidades de declaración e as enfermidades de ámbito rexional.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, que faculta o ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para que, logo do informe do Consello Interterritorial do

Sistema Nacional de Saúde, modifique a lista de enfermidades recollidas nos anexos, de acordo cos cambios que se poidan producir no patrón epidemiolóxico.

Na tramitación da presente orde foron consultadas as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados. Así mesmo, someteuse a informe do Comité Consultivo e ao Pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, polo que se crea a Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica.*

O Real decreto 2210/1995, do 28 de decembro, polo que se crea a Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica, queda modificado como segue:

Un. O anexo I, que contén a lista de enfermidades de declaración obrigatoria, substitúese polo anexo I desta orde.

Dous. O anexo II, que contén as modalidades da declaración de enfermidades de declaración obrigatoria, substitúese polo anexo II desta orde.

Tres. O anexo III, que contén as enfermidades endémicas de ámbito rexional, substitúese polo anexo III desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de marzo de 2015.–O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Alfonso Alonso Aranegui.

## ANEXO I

### Lista de enfermidades de declaración obrigatoria

1. Botulismo.
2. Brucelose.
3. Campilobacteriose.
4. Carbúnculo.
5. Cólera.
6. Criptosporidiose.
7. Dengue.
8. Difteria.
9. Encefalite transmitida por carrachas.
10. Encefalopatías esponxiformes transmisibles humanas (inclúe vECJ).
11. Enfermidade invasora por *Haemophilus influenzae*.
12. Enfermidade meningocócica.
13. Enfermidade pneumocócica invasora.
14. Enfermidade por virus Chikungunya.
15. Febre amarela.
16. Febre do Nilo occidental.
17. Febre exantemática mediterránea.
18. Febre Q.
19. Febre recorrente transmitida por carrachas.
20. Febre tifoide/Febre paratifoide.
21. Febres hemorráxicas víricas (Ébola, Marburg e Lassa entre outras).
22. Xiardíase.
23. Gripe/Gripe humana por un novo subtipo de virus.
24. Hepatite A.
25. Hepatite B.

26. Hepatite C.
27. Herpes zóster.
28. Hidatidose.
29. Infección por *Chlamydia trachomatis* (exclúe o linfogranuloma venéreo).
30. Infección por cepas de *Escherichia coli* produtoras de toxina Shiga ou Vero.
31. Infección gonocócica.
32. Infección polo virus da inmunodeficiencia humana/síndrome de inmunodeficiencia adquirida (VIH/SIDA).
33. Lexionelose.
34. Leishmaníase.
35. Lepra.
36. Leptospirose.
37. Linfogranuloma venéreo.
38. Listeriose.
39. Paludismo.
40. Parotidite.
41. Peste.
42. Poliomielite/parálise fláccida aguda en menores de 15 anos.
43. Rabia.
44. Rubéola.
45. Rubéola conxénita.
46. Salmonelose.
47. Sarampelo.
48. SARS (en galego: síndrome respiratorio agudo grave).
49. Shigelose.
50. Sífilis.
51. Sífilis conxénita.
52. Tétano/Tétano neonatal.
53. Tose ferina.
54. Toxoplasmose conxénita.
55. Triquinose.
56. Tuberculose.
57. Tularemia.
58. Varicela.
59. Varíola.
60. Yersiniose.

## ANEXO II

### Modalidades da declaración de enfermidades

#### 1. Declaración numérica semanal:

A) E envío dos datos epidemiolóxicos básicos agrupados en períodos de catro semanas:

Campilobacteriose; criptosporidiose; xiardíase; salmonelose; yersiniose; hepatite C; infección por *Chlamydia trachomatis* (exclúe o linfogranuloma venéreo); enfermidade invasora por *Haemophilus influenzae*; enfermidade pneumocócica invasora; encefalopatías esponxiformes transmisibles humanas (inclúe vECJ).

B) Declaración urxente con envío de datos epidemiolóxicos básicos:

Cólera; gripe humana por un novo subtipo de virus; SARS (en galego: síndrome respiratorio agudo grave); febre amarela; febre do Nilo occidental; febres hemorráxicas víricas; peste; rabia; difteria; poliomielite/parálise fláccida aguda en menores de 15 anos; varíola.

C) Declaración semanal con envío de datos epidemiolóxicos básicos:

Botulismo; febre tifoide/febre paratifoide; hepatite A; hepatite B; infección por cepas de *Escherichia coli* produtoras de toxina Shiga ou Vero; listeriose; shigelose; triquinose; gripe; lexielose; lepra; tuberculose; infección gonocócica; linfogranuloma venéreo; sífilis; encefalite transmitida por carrachas; enfermidade por virus Chikungunya; dengue; febre Q; febre recorrente transmitida por carrachas; leishmaniase; paludismo; brucelose; carbúnculo; hidatidose; leptospirose; toxoplasmosis conxénita; tularemia; enfermidade meningocócica; parotidite; rubéola; sarampelo; tétano/tétano neonatal; tose ferina; varicela; sífilis conxénita; rubéola conxénita; febre exantemática mediterránea.

D) Con datos epidemiolóxicos básicos nun informe anual:

Herpes zóster.

2. Declaración de enfermidades por sistemas especiais:

Infección polo virus da inmunodeficiencia humana/síndrome de inmunodeficiencia adquirida (VIH/SIDA).

## ANEXO III

### Enfermidades endémicas de ámbito rexional

Enfermidade de Lyme.